

**Autor:** PEÑA SAAVEDRA,  
V. (Dir.)  
**Ano:** 2004  
**Título:** *Os museos da educación  
en Internet*  
**Lugar:** Santiago de Compostela  
**Editorial:** Xunta de Galicia. Consellería  
de Educación e Ordenación Universitaria.  
Secretaría Xeral/Mupega.

Estamos, sen dúbida, a vivir un momento especialmente doce na preocupación amosada non só por especialistas, senón polo sociedade en xeral, por todo aquilo que, dalgún xeito, nos leva ao recoñecemento da nosa verdadeira identidade, individual e colectiva, como seres humanos. Factores socioeconómicos e culturais como a emerxencia e posta en valor dos atributos relacionados coas identidades colectivas, a etnicidade e a idiosincrasia dos pobos estimulan, sen dúbida, como manifestan os propios autores de *Os museos da educación en Internet*, o cada día máis crecente interese pola creación e actualización de novos e vellos museos propios relacionados co mundo da educación, poñendo claramente de manifesto as razóns do auxe que movementos como o “museístico especializado en materia educativa está a experimentar a escala planetaria, e moi especialmente en Europa e América, dende hai dúas ou tres décadas”.

Non son, de certo, estes os únicos factores que explican este fenómeno.

Como adiantan os propios autores, a explicación dese incremento vén dada pola confluencia de diversos factores socioeconómicos e culturais entre os que cómpre mencionar os seguintes:

- Proceso crecente de urbanización e migracións campo/cidade co conseguinte peche de escolas unitarias en zonas rurais e a apertura de complexos escolares de varias unidades (proceso de concentración) en vilas e núcleos urbanos.

- Paulatina valoración do patrimonio escolar, en paralelo cunha maior mentalización acerca da necesidade de conservar o acervo cultural de cada colectividade e cunha ampliación do ámbito de cobertura do que tradicionalmente se veu entendendo como patrimonio cultural.

- Progresivo interese da historia da educación por temas e referentes de análise secularmente desconsiderados. Isto enmárcase na dinámica de ampliación da área de coñecemento desta materia á que se vén asistindo nos últimos lustros.

– Consideración da escola como institución xeradora dunha cultura de seu e axencia difusora de contidos socializadores, que modula, recrea e acomoda consonte os seus destinatarios.

– Toma de conciencia da necesidade de recuperación dos vestixios, restos e indicios da educación do pasado tocante a unha máis acaída reconstrución científica e explotación intelectual desta.

– Culto á nostalxia e aos seus fetiches evocadores que semella afianzarse nas sociedades posmodernas.

– Difusión dos idearios e postulados das correntes pedagóxicas, museolóxicas e culturais renovadoras das décadas da fin do século XX que resaltan o papel social do museo.

– Movemento expansivo de musealización integral da realidade.

– Apertura de novas prestacións e posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación para a proxección externa dos museos, achegándoos á cidadanía dun xeito máis doado.

Só co único obxectivo de evitar repeticións innecesarias, suprimimos nesta minuciosa enumeración de factores socioeconómicos e culturais que explican, dende o punto de vista dos autores de *Os museos da educación en Internet*, o amplo e complexo fenómeno do actual movemento museístico relacionado coa educación, o xa citado da “emergencia e posta en valor

dos atributos relacionados coas identidades colectivas, a etnicidade e a idiosincrasia dos pobos”, xunto con outros dous aos que deseguida imos facer referencia. Factores os tres que, na nosa perspectiva de lectores, alcanzan un relevo especial.

Pensamos, efectivamente, que o lector ou usuario, interesado nesta materia, que se achegue a esta publicación con algunha curiosidade vai decatarse logo, non só da apuntada importancia actual do mundo museístico da educación, senón, sobre todo, do verdadeiro significado do ensino no noso propio contexto e do museo da educación como un instrumento de encontro con nós mesmos, co noso pasado e coas posibilidades inmensas do noso futuro.

Por outra parte, os autores de *Os museos da educación en Internet* están moi lonxe da tradicional idea desta institución como un simple depósito, colección ou catálogo de obxectos relacionados co mundo da educación. O mesmo xeito de salientaren como un dos factores deste interese polo mundo dos museos o florecemento da historia material da educación e da recreación histórica dos procesos educativos a través e por medio do estudo dos restos materiais que dela nos foron legados é en si mesmo suficientemente expresivo do verdadeiro sentido que para eles ten un museo da educación. Evidentemente, neste contexto, un libro, un encerado, un simple

anaco de xiz non son só testemuño dun tempo e dunhas circunstancias concretas, senón fragmentos e ata sínteses históricas dun pasado que, dalgún xeito, pertencen ao noso presente.

Non obstante, independentemente do valor material que poida ter cada un destes obxectos considerados illadamente, fóra do contexto socio-cultural no que tiveron unha vida propia, historicamente, é dicir, as súas posibilidades como instrumento ou medio de explicación da recreación histórica dos procesos educativos, é practicamente nulo. Un museo, como deducimos do traballo dos autores de *Os museos da educación en Internet*, é algo moito máis complexo, rico e transcendente que un simple fondo documental, máis ou menos completo: é unha páxina da historia, unha lección permanente de futuro, nas que cada obxecto, debidamente contextualizado, é unha palabra ou parágrafo dese relato que ten de ser cada museo. Punto de vista que fai moito máis comprensible a tendencia actual, como advirten os propios autores, a integrar dentro do concepto de museos a organismos de variada tipoloxía como centros de interpretación, estudo e investigación; depósitos biblio-hemerográficos; arquivos; casas da ciencia, parques temáticos; etcétera.

Perspectiva que, por outra parte, nos permite valorar dun modo moi especial o gran número de pequenos museos da educación nos que,

afortunadamente, se converteron moitos locais escolares que a política de concentración escolar deixou nun primeiro momento sen ningunha función específica. Corresponderalles entón a outros museos de maior cobiza e con maiores posibilidades a obriga non só de conservarlos, senón incluso de colaborar á súa potenciación e maior desenvolvemento, sen que tal obxectivo deba impedir ou limitar as posibilidades da súa integración no conxunto e contexto dun gran museo autonómico como o Mupega, aínda que tal labor teña que limitarse nunha primeira etapa a traballos como o que hoxe nos ofrecen nesta nova publicación Vicente Peña Saavedra (Dir.) e os seus colaboradores Manuel Fernández González e Óscar Montero Feijoo.

Como unha simple parte deste amplo proxecto queremos ver precisamente esta publicación, se cadra en exceso ampla no seu contido –este traballo recolle 683 fichas informativas doutros tantos museos da educación de todo o mundo que teñen presenza en Internet–, pero imprescindible nunha concepción na que a contextualización, é dicir, o museo, como un elemento interdependente nunha visión do labor educativo da humanidade entendido como un verdadeiro sistema de comunicación, resulta imprescindible.

Un traballo, como se especifica na “Presentación”, dobremente interesante, non unicamente como

unha ferramenta de grande utilidade, tanto para os especialistas neste campo como para aqueles que se acheguen a el de forma iniciática e con propósitos de lecer ou curiosidade intelectual, senón tamén polo seu carácter innovador, non exclusivamente polos seus contidos e a presentación que deles se fai en forma de breve guía, senón tamén e, primordialmente, polo dobre soporte, impreso e dixital, no que se edita. A versión dixital ofrece, entre outras posibilidades, a oportunidade de acceder de forma directa a aquela institución museística da que, na parte impresa, só aparecen referencias sumarias. Xa que logo, como se adianta na citada “Presentación”, a aplicación posúe unha apreciable dimensión interactiva de inxentes posibilidades, que o lector saberá valorar cando faga

uso dela para navegar a través de Internet pola comunidade universal, que forman os museos pedagóxicos de todo o mundo.

O texto, en coidada edición ilustrada, ofrece puntual información sobre cada un dos 683 museos aos que se fixo referencia anteriormente, completada cun amplo estudo introdutorio e un gran número de cadros e gráficas, e péchase con tres apéndices: “Outros museos e coleccións”, “Outras iniciativas de museísmo escolar” e un completo “Índice de museos”.

En nome da escola e de cantos senten a curiosidade intelectual de coñeceren o seu pasado no ámbito concreto da educación, a nosa felicitación aos autores polo presente traballo e o noso alento para que continúen co mesmo acerto e dedicación o labor tan brillantemente iniciado.

*Manuel Quintáns Suárez*  
IES Eduardo Pondal,  
Santiago de Compostela